



Manual de instrucións para participar nunha Mesa electoral

1. Que é unha Mesa electoral?

Cando se celebran eleccións,
podemos votar para elixir
os candidatos ou candidatas e partidos políticos
que queiramos que nos representen.

O sitio onde imos votar
chámase local ou colexio electoral.

Dentro do Local electoral,
a Mesa electoral é o lugar
onde deixamos o noso voto.

En cada Mesa electoral
hai persoas encargadas
de recoller todos os votos
e contalos despois
para coñecer os resultados
das eleccións.

As persoas que participan
nunha Mesa electoral
son escollidas por sorteo.

Se nos elixen,
temos a obriga de participar
na Mesa electoral.

Se non participamos,
poñerásenos unha multa.
Só se pode faltar á mesa
se temos un bo motivo
que xustifique a nosa ausencia.

Para estar nunha Mesa electoral hai que:

- ✓ Saber ler e escribir
- ✓ Ter entre 18 e 70 anos

Se somos parte dunha Mesa electoral,
debemos ler este manual
e levalo connosco
o día das eleccións.

2. Persoas que forman unha Mesa electoral

Cada Mesa electoral está formada por 3 persoas:

- ✓ **1 presidente ou presidenta**
- ✓ **e 2 vogais.**

Funcións das persoas integrantes da Mesa electoral

Ir ás 8 da mañá
ao Local electoral e presentarse
na Mesa que lles corresponde.

Comprobar que a Mesa electoral
teña todo o necesario
para que as persoas poidan votar.

Recoller os votos dos e das votantes.

Coidar da Mesa electoral
e evitar incidentes ou problemas
sempre que poidan.

Recontar os votos
e entregar os resultados
ás autoridades.

Se ocorre algún incidente
ou hai que tomar algunha decisión,
o presidente ou a presidenta decide como actuar.

Velaquí os dereitos das persoas
que forman unha Mesa electoral:

- ✓ Cobrar 65 € pola súa participación.
- ✓ Ausentárense ese día do
seu posto de traballo
e ter un permiso de 5 horas
o día seguinte ás eleccións.
- ✓ Se sofren algún dano,
deben recibir a atención da Seguridade Social.

Hai un equipo de Mesa titular,
que son as persoas
que se deben ocupar da Mesa.
E tamén hai un equipo de **suplentes**.

As persoas suplentes tamén
se escollen por sorteo
e a súa función é substituír a algunha das persoas titulares
se non pode desenvolver as súas funcións.

As persoas suplentes teñen
que se presentar ante a Mesa electoral
ás 8 da mañá
e logo poden marchar,

sempre que non sexan necesarias.

Se un posto non estivese ocupado ni pola persoa titular nin pola suplente, pódesele pedir á primeira persoa que vaia votar que fiquen na mesa.

Hai máis persoas que poden estar na Mesa electoral:

os **interventores e apoderados**.

Trátase de persoas elixidas polos partidos políticos.

Os **interventores e as interventoras**

pertencen a un partido político e quedan nunha Mesa electoral.

Velaquí as súas funcións:

- ✓ Opinar sobre o que pasa na Mesa, aínda que non poden tomar decisións.
- ✓ Protestar, reclamar e pedir certificados se o consideran necesario.

Os **apoderados e as apoderadas**

tamén pertencen a un partido político.

Pasan por distintas Mesas e por varios Locais Electorais.

Velaquí as súas funcións:

- ✓ Comprobar que as votacións e o recuento dos votos sexan correctos en distintas Mesas electorais.
- ✓ Protestar, reclamar e pedir certificados se o creren necesario.
- ✓ Actuar como interventores se non hai ningún interventor na Mesa.

Todas as Mesas electorais
contan coa axuda
da **Xunta Electoral de Zona**.

A Xunta Electoral é unha entidade
encargada
de que as eleccións funcionen
de modo axeitado
en cada Local electoral.

Se houber problemas,
as Presidencias das Mesas poden chamar
á Xunta Electoral de Zona.

3. Material necesario en cada Mesa electoral

Urnas para que as persoas introduzan os seus votos.
Unha urna para o Congreso dos Deputados e outra urna para o Senado.

Unha cabina de votación preto da Mesa.
Quen o queira, pode entrar na cabina para preparar o seu voto en privado.

Sobres e papeletas brancas para o Congreso dos Deputados e de cor sepia para o Senado.

Listas do censo nas que aparecen todas as persoas que poden votar nesa Mesa.

Acta de constitución da Mesa.
É un documento que asinan todas as persoas integrantes da Mesa ao comezar o día, para saber quen forma esa Mesa.

Actas de escrutinio.

Son documentos nos que se anotan os votos acadados por cada partido político para o Congreso dos Deputados e por cada candidato ou candidata ao Senado.

Acta de sesión.

É o documento no que se escriben os nomes de todas as persoas que votaron nesa Mesa, os votos que acadou cada partido e os incidentes que ocorreron ao longo do día.

Lista de votantes.

Este é un documento onde aparecen todas as persoas que poden votar nesa Mesa.

Certificados de votación.

Son documentos que se lles dan ás persoas que os solicitan porque necesitan unha proba de que foron votar.

Modelo auxiliar.

É un documento en forma de folla de axuda para contar os votos das eleccións ao Senado.

Copias do nomeamento de interventores e interventoras.

Estes documentos permiten que interventores e interventoras estean nesa Mesa ou noutra.

Sobres e recibos de entrega para entregar a documentación ao rematar o día.

4. Tarefas que deben facer as persoas integrantes da Mesa electoral

Antes de comezar a votación

A Mesa electoral fórmase ás 8 da mañá.

Reúnense as persoas convocadas no Local electoral.

Se non é necesario que interveñan os suplentes, poden marchar.

Logo compróbase que se conte con todo o material necesario.

No caso de botar algo en falta, débese comunicar á Xunta Electoral de Zona.

Entre as 8 e as 8:30 da mañá, deben presentarse na Mesa os interventores e as interventoras, e mostrar a súa acreditación ante a Presidencia.

Se todo é correcto,
constitúese a Mesa.

O Presidente ou a Presidenta escribe a acta
de constitución da Mesa,
que asinan todas as persoas integrantes da Mesa.

Durante a votación

Ás 9 da mañá,
a Presidencia pronuncia esta frase:
“Comeza a votación”.

As persoas xa se poden
achegar á Mesa e votar.

Para votar, débense seguir estes pasos:

- ✓ Cada votante di o seu nome
e os seus apelidos á Presidencia
e amosa o seu DNI, pasaporte
ou permiso de conducir.

- ✓ Os vogais ou as vogais e interventores ou interventoras
comproban que cada persoa
esteá nas listas de votantes.

- ✓ O votante ou a votante entrega os sobres fechados e a Presidencia di o seu nome e a palabra “vota”.

- ✓ Para acabar de votar, a persoa votante recolle os seus sobres e introdúceos nas urnas.

- ✓ As persoas integrantes da Mesa anotan a esa persoa votante e o número co que aparece nas listas de votantes.

As persoas que non figuran na lista de votantes só poderán votar se presentan:

- ✓ Sentenza xudicial que recoñeza o seu dereito a votar nesa Mesa.
- ✓ Certificado censual específico.

A votación pódese interromper no caso de que nunha Mesa falten papeletas dalgún dos partidos ou dos candidatos ou candidatas.

Se faltan papeletas,
a Presidencia avisará
a Xunta Electoral de Zona
para que traia novas papeletas
tan axiña como sexa posible.

A votación pódese suspender se
a Mesa pasa máis dunha hora
sen papeletas dalgunha candidatura.

Logo da votación

Ás 8 da tarde remata a votación.
O presidente ou a presidenta da Mesa
anuncia que acaba o tempo para votar.

Despois introduce os sobres
cos votos por correo
nas urnas.

Os e as vocais comprobán
que as persoas
que votaron por correo
tamén están no censo
e apúntanas na lista
de votantes da Mesa.

Por último, votan as persoas
que estiveron na Mesa:
presidente ou presidenta, vogais
e interventores ou interventoras.
Todos asinan na lista
de votantes.

Ao rematar a votación
comeza o recuento dos votos.

Primeiro cóntanse os votos
para o Congreso dos Deputados
e despois os votos para o Senado.

Os votos cóntanse deste xeito:

- ✓ O presidente ou a presidenta abre os sobres
e le as papeletas en voz alta.

Os votos poden ser
para candidatos ou candidatas,
ou tamén poden ser votos
en branco ou votos nulos.

Votos en branco.

- ✓ Sobres que non conteñen ningunha papeleta.
- ✓ Votos a partidos políticos que non se presentan ás eleccións.
- ✓ Votos ao Senado nos que non se marcou ningún candidato ou candidata.

Votos nulos

- ✓ Papeletas sen sobre ou cun sobre distinto do modelo oficial.
 - ✓ Sobres nos que hai votos para varios candidatos ou candidatas ao Congreso.
 - ✓ Papeletas nas que se marcan máis candidatos ao Senado dos permitidos.
 - ✓ Papeletas que teñan cousas escritas.
-
- ✓ As persoas integrantes da Mesa comprobaban que o número de sobres é igual ao número de persoas que votaran.

- ✓ O Presidente ou a Presidenta pregunta se hai algunha protesta ou reclamación. Se a houbese, as persoas integrantes da Mesa votarán sobre a reclamación. Farase o que decida a maioría.

- ✓ Destrúense todas as papeletas agás as que sexan votos nulos.

O presidente ou a presidenta di o resultado: cantos votos obtén cada partido no Congreso e candidatos ao Senado.

Tamén di cantos votantes había na lista desa Mesa, cantos votaron e cantos votos nulos ou en branco se recibiron.

Logo escíbese a acta de escrutinio e a acta de sesión. Todas as persoas integrantes da Mesa deben asinar eses 2 documentos.

Entrega da documentación ás autoridades

A documentación cos resultados divídese en 3 sobres.

No sobre número 1 están todos os documentos orixinais que se empregaron ese día.

Nos sobres número 2 e 3 hai copias destes documentos:

- ✓ Acta de constitución da Mesa.
- ✓ Actas de sesión.

O presidente ou a presidenta entrega os sobres 1 e 2 no Xulgado.

Irá acompañado ou acompañada pola Policía ou Garda Civil.

Cando menos un ou unha dos e das vogais debe agardar no Local electoral ata que un empregado de correos pase a recoller o sobre número 3.

Así remata a participación de todas as persoas integrantes da Mesa electoral nas eleccións.